



CONCELLO DE  
BETANZOS



1219 2019  
BETANZOS

BETANZOS  
cerca

### Colaboran:



XUNTA  
DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA



CPR Nosa Señora do Carme  
"Atocha"



Irmás  
Hospitalarias  
CENTRO PAI MOÑO



*Antón Fraguas*

**X** Concurso de carteis das  
**LETRAS GALEGAS**  
2019

## OBXECTIVOS

Os obxectivos do X Concurso de carteis das Letras Galegas son promover a expresión artística dos máis miúdos e miúdas, afondar no coñecemento da vida e obra de Antón Fraguas e fomentar a creación artística infantil.

O motivo do cartel será a figura homenaxeada no Día das Letras Galegas 2019, Antón Fraguas. O cartel deberá realizarse nunha cartolina en DIN A3 (aproximadamente 40 x 30) e o idioma utilizado no cartel será o galego. Os carteis deberán ser orixinais e non poderán estar publicados nin ter recibido ningún premio.

## DESTINATARIOS/AS

Poderá participar neste concurso todo o alumnado que estea a cursar a educación primaria ou con diversidade funcional nos centros educativos de Betanzos. Os carteis poderán realizarse de xeito individual ou en grupo. Os carteis feitos en grupo non poderán sobrepasar os/as dous/dúas alumnos/as. Cada alumno/a só poderá participar cun cartel.

Os carteis deberán indicar pola cara de atrás o nome, apelidos e teléfono, así como o curso e centro educativo a que pertence/n a/s persoa/s autora/s.

## PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

Os carteis poderán entregarse nas secretarías do CEIP Francisco Vales Villamarín, do CPR Nosa Señora do Carme-Atocha e do Centro Pai Menni, no Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Betanzos (Oficinas xerais, edificio Liceo) ou na Biblioteca Municipal Castelao entre o 25 de marzo e o 22 de abril, incluído este. Os carteis presentados fóra de prazo ficarán fóra do concurso.

A convocatoria do X Concurso de carteis das Letras Galegas e as súas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, na páxina web do Concello de Betanzos ([www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)) e no taboleiro de anuncios.

## PREMIOS

Concederase un primeiro premio ao cartel seleccionado polo xurado e dous accésits. Todos os premios serán un lote de material escolar por valor cincuenta euros para cada neno/a gañador/a. Os criterios para a concesión dos premios serán a calidade e a orixinalidade dos deseños, así como a innovación e a adecuación aos obxectivos do concurso.

## RESOLUCIÓN

O prazo de resolución do xurado será dun máximo de cinco días a partir da data límite de entrega dos traballos. O cartel escollido será o que illustre o Programa de actividades das Letras Galegas 2019 do Concello de Betanzos e quedará en posesión do Concello. O Concello de Betanzos realizará unha exposición con todos os carteis participantes no mes de maio.

O xurado estará composto polos seguintes membros: presidente/a, secretario/a e vogais. O presidente será o alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, o/a secretario/a será un/ha traballador/a do Concello de Betanzos designado/a para o xurado e os/as vogais serán os/as representantes de cada un dos centros de ensino participantes no concurso.

O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún dos premios convocados e está facultado para tomar a decisión que considerar oportuna ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nestas bases. Así mesmo, o Concello comunicarlle ás persoas premiadas o día, hora e lugar de entrega dos premios.

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das normas recollidas nestas bases e da decisión do xurado designado.

e gañadoras publicarase na páxina web do Concello ([www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)) logo da resolución do xurado. Así mesmo, o Concello comunicarlle ás persoas premiadas a hora e lugar da entrega dos premios.

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das normas recollidas nestas bases e da decisión do xurado designado.

## PUBLICACIÓN

O Concello de Betanzos resérvase o dereito de difusión e/ou publicación dos traballos gañadores. Neste sentido os/as autores/as renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autoría.

ORGANIZA:



CONCELLO  
DE BETANZOS



1219 2019  
BETANZOS

BETANZOS  
cerca

COLABORAN:



XUNTA  
DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA



# Concurso de creación literaria



## TEMA E FORMATO

O tema é libre e os textos deberán presentarse en lingua galega. Os orixinais deberán estar mecanografados a dobre espazo por unha soa cara con letra Times New Roman ou Arial, tamaño 12 puntos ou similar. Os textos que se presenten poderán ser relatos curtos (cunha extensión máxima de cinco páxinas) ou poesías (cunha extensión máxima de cinco poemas). Cada participante só poderá presentar un texto ao concurso.

As persoas participantes concorrerán cunha única obra orixinal, inédita e individual. Os textos presentaranse cun pseudónimo e un título. Para garantir o anonimato, nos textos non poden aparecer datos persoais nin sinaturas.

Os textos achegaranse nun sobre pechado no que constará por fóra o pseudónimo, o título do texto e a categoría (1.ª: ESO / 2.ª: Bacharelato e ciclos formativos / 3.ª: Aberta). Dentro deste e nun sobre pechado figurarán os datos persoais do/a autor/a (nome e apelidos, idade, enderezo postal e electrónico, teléfono, curso e centro escolar) e no exterior deste indicarse o pseudónimo, o título do texto e a categoría (1.ª: ESO / 2.ª: Bacharelato e ciclos formativos / 3.ª: Aberta).

## LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de entrega dos traballos está aberto desde o 1 de abril ata o 10 de maio de 2019 (incluído este). Os textos poderanse entregar nas secretarías do IES Francisco Aguiar, do IES As Mariñas e do CPR Nosa Señora do Carme "Atocha", no Servizo de Normalización do Concello de Betanzos ou na Biblioteca Municipal Alfonso Castelao.

A convocatoria deste concurso e as súas bases publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, na Base de Datos Nacional de Subvencións, na páxina web do Concello de Betanzos ([www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)) e no taboleiro de anuncios.

## CATEGORÍAS E PREMIOS

Establécense tres categorías para a participación: 1.ª categoría: ESO, 2.ª categoría: Bacharelato / ciclos formativos, 3.ª categoría: Aberta. A primeira categoría (ESO) e a segunda categoría (Bacharelato e ciclos formativos) son exclusivamente para o alumnado dos centros de ensino de Betanzos. Na terceira categoría (Aberta) poderá participar calquera persoa maior de idade.

Haberá dous textos premiados en cada unha das categorías, un primeiro premio de 300 euros e un accésit de 150 euros. Sobre a contía do premio aplicaranse as retencións fiscais oportunas.

## RESOLUCIÓN

Os criterios para a concesión dos premios serán a calidade e a orixinalidade dos textos, así como a innovación literaria, a creatividade na escrita, a corrección lingüística e a adecuación aos obxectivos do concurso. Valorarase a calidade estética, lingüística e da redacción, así como a orixinalidade do texto presentado.

O xurado estará composto por un/unha presidente/a e un/unha secretario/a nomeados/as para tal efecto e mais un/unha vogal de cada un dos centros de ensino de Betanzos con alumnado participante, así como dous escritores de recoñecido prestixio. O xurado está facultado para tomar a decisión que considerar oportuna ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nestas bases. O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún dos premios convocados.

O prazo de resolución do xurado será dun máximo de dez días a partir da data límite de entrega dos traballos. O nome dos gañadores